



Páx 2

ANÁLISE:

Contra o saqueo de Galiza

Páx 3

PONTEVEDRA:

Medida contra o roubo do aforro galego

Páx 4

PARLAMENTO:

O PP vota contra unha iniciativa do BNG para solucionar o problema dos afectados polas preferentes

Páx 4-5

DEPUTACIÓN:

Declaración xurada e documento público de César Mosquera

Páx 6

PONTEVEDRA:

ENCE

Páx 7

PONTEVEDRA

- Melloras nos xardíns
- Pontevedra na Walk21

Páx 8

PONTEVEDRA

Vías rurais 2013

Páx 9

CONGRESO

Lei de Costas

PONTEVEDRA

Visita ao Salgueiral

Páx 10

XI Xornadas da Muller

Páx 11

AXENDA CULTURAL

CONTRACAPA:

Manifestación 17 de maio



Maniféstate

Venres 10 de Maio
20,30 h
Praza da Ferrería
Pontevedra

Contra o saqueo de Galiza

Contra as medidas de empobrecemento de Galiza
Contra o roubo do aforro galego
Devolución íntegra dos aforros xa!!!
PREFERENTES E SUBORDINADAS, SOLUCIÓN XA!!



Manifesto da manifestación do venres 10

Contra o saqueo de Galiza!

Galiza é unha nación rica empobrecida por decisións políticas de Madrid e de Bruxelas. Temos recursos naturais, man de obra, tradición produtiva e capitais para xerar moita máis riqueza; pola contra, estamos asistindo a un empobrecemento galopante de Galiza por decisións anteriores e actuais que están provocando unha traxedia, que nos están mettendo nunha situación de auténtica emerxencia nacional e social.

Foron arruinando, mediante medidas adoptadas con premeditación, crueldade e sangue frío, sectores básicos como o naval, o agro, a pesca. Debeulles parecer pouco e decidiron expropiar a xestión do aforro galego facendo desaparecer as Caixas. Empobreceron a traballadores, autónomos e pequenos e medianos empresarios. Tampouco lles chegou con isto e procederon ao roubo directo do propio aforro que os galegos e galegas tiñan, enganados, nas preferentes e subordinadas.

Sobre 85.000 afectados en Galiza, deles máis de 2.500 en Pontevedra, foron enganados e, agora, vense coa ameaza de ver como preto de 2.100 millóns de euros dos seus aforros poden desaparecer. Un drama persoal e familiar no que os meteron de xeito planificado e intencionado. Pero tamén unha sangría para

a economía galega de enormes consecuencias. Estes aforros xeraban actividade económica da que tan faltos estamos.

Aos afectados polas preferentes e subordinadas tratan de marealos sobre as causas reais do atraco que tentan facerlle. Que si a nefasta xestión das caixas, pola que curiosamente non hai ninguén condenado, que si a falla de control dos supervisores, tampouco ningún procesado, que si quitas, que si conversión en accións que non valen para nada. O real, o único real, é que o atraco do aforro galego foi acordado entre o goberno do estado e a unión europea, por imposición europea.

Exactamente o mesmo que sucedeu no seu día e segue a suceder co noso sector naval, co noso agro, coa nosa pesca, e outros sectores económicos. Europa impón, Madrid acepta e legisla, Santiago acata, Galiza perde, perde e perde. Así chegou o real decreto das quitas das preferentes e subordinadas. Así pretenden consumir o saqueo do aforro galego.

Temos que rebelarnos contra esta novo roubo, facer sentir a nosa voz e a nosa forza, transmitir que estamos dispostos a loitar para deter este atraco e darlle a volta á situación.



Pontevedra adopta novas medidas contra o roubo do aforro galego

O Pleno do Concello de Pontevedra vén de aprobar unha serie de medidas a respecto das preferentes e subordinadas, que teñen como obxectivo trasladar ao goberno español, que é quen ten nas súas mans a solución a este problema, que o tema das preferentes e subordinadas é un asunto no que está implicada toda a sociedade pontevedresa.

Paralelamente, o Concello amosa de forma clara e contundente a súa solidariedade e o seu apoio a todas as vítimas deste roubo planificado do aforro galego.

Por parte do BNG interviu no Pleno César Mosquera, que fixo fincapé no feito de que hai un proxecto en marcha para levar a riqueza do noso país fóra e que o asunto das preferentes e das subordinadas forma parte dese plan. “Non imos permitir que rouben o aforro dos galegos e das galegas”, sinalou o noso compañeiro.

Sinalou César Mosquera que sería infinitamente máis rendíbel para NGB resolver este asunto e devolver o diñeiro aos estafados que o custe que lle supón de imaxe, de retirada de depósitos ou de recursos, e se non o fai é porque non llo permite o FROB. Neste sentido reiterou que todo forma parte desa estratexia calculada “para trocar o que queda do banco e se venda ao mellor postor”.

ACORDOS ADOPTADOS POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- Esixir a derogación do RD polo que se lle expropia grande parte dos seus aforros aos afectados polas preferentes e subordinadas, e dirixirse ao Goberno Central para que adopte as medidas precisas para que os afectados recuperen os seus aforros de xeito íntegro.
- O Concello de Pontevedra requerirá á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes proceda a iniciar a devolución íntegra das cantidades estafadas aos aforradores do municipio coas preferentes e subordinadas.
- Se no prazo indicado non se produce a devolución aos estafados, procederase á cancelación das contas municipais en NGB coa única limitación da preservación dos intereses municipais.
- Colocarase unha pancarta de apoio aos afectados no edificio municipal de Michelena 30.
- Amosar o apoio institucional do Concello á manifestación convocada para o próximo 10 de maio.
- Apoiar calquera outra medida que colabore no obxectivo de facer xustiza cos afectados das preferentes e subordinadas.
- Acórdase dar traslado deste acordo á FEGAMP, á FEMP e ao FROB, e solicitar do resto de institucións (Administración Xeral do Estado e Xunta de Galiza) que adopten o mesmo acordo.

O PP oponse no Parlamento Galego a unha iniciativa do BNG para solucionar o problema das preferentes

O portavoz do grupo parlamentario do BNG, Francisco Jorquera defendeu o mércores 8 de maio na Comisión de Economía, a través dunha Proposición non de lei, modificar a lei para “eliminar os aspectos lesivos contra os aforradores”, petición que contou co apoio dos grupos do PSdG e AGE e foi rexeitada polo Partido popular.

Jorquera instou ao Goberno galego a asegurar con todos os seus instrumentos ao seu alcance, “a devolución da totalidade dos cartos estafados aos aforradores afectados polas participacións preferentes e outros híbridos financeiros”.

O PP oponse a impugnar a Lei que estafou aos aforradores

A esta petición, o deputado sumou “impugnar a lei 9/2012 de restructuración e resolución das entidades de crédito aprobadas polo Banco de España e a Comisión europea”

A iniciativa do BNG tamén solicitaba do Goberno galego “poñer a

disposición dos estafados toda a cobertura xurídica e política para a presentación de recursos contra o FROB e a vía de arbitraje para todas aquelas persoas afectadas que o soliciten”.

Para o parlamentario, o Goberno de Galiza debe persoarse no proceso aberto pola Fiscalía e perseguir penalmente aos responsables desta estafa.

Volvemos por tanto, dixo, a suscitar a necesidade de dar unha “solución xusta” aos milleiros de estafados, despois de que a Comisión Rectora do FROB aprobara unha quita do 43% aos titulares de participacións preferentes de Novagalicia Banco, 41% ás obrigacións subordinadas perpétuas e 22% ás obrigacións subordinadas con vencemento, “unha quita, dixo, que non conleva a integración do resto dos cartos porque serán canxeados por bonos das entidades e no proceso de recompra en accións”.

O deputado asegurou que este sistema provocará “unha nova quita aos estafados para reca-



pitalizar a entidade que os estafou” e consuma a “legalización dun roubo” froito da negociación do Memorando de entendemento de Bruxelas na que Rajoy e De Guindos aceptaron que os pequenos aforradores tivesen que asumir unha importante parte das “débedas da banca”.

Jorquera reprobou que os deputados galegos do PP en Madrid votaran favorablemente a esta lei, que a Xunta non a recorrera e por último, que o PP “lavase a cara nesta comisión” votando en contra da quita, actitude que cualificou de “puro xogo de apariencias”.



Por acordo dos grupos da Deputación, os deputados e deputadas fixeron público o seu patrimonio. Transcribimos a seguir a declaración do noso compañeiro César Mosquera polo interese que ten a súa análise da realidade deste sistema corrupto que estamos empeñados en combater.

Declaración xurada e documento público sobre o comportamento económico, ética pública, ingresos, herdanzas e bens do Deputado Provincial César Mosquera

O sistema político e institucional que padecemos é intrínseca e estruturalmente corrupto. Os casos individuais de corrupción saltan á luz pública polas loitas internas entre clans de intereses; caso contrario taparíanse uns a outros e nunca saberíamos nada do asunto.

Ante os problemas que causa a corrupción xeneralizada en todos os ámbitos de poder: monarquía,

poder xudicial, poder político, poder empresarial,..., a reacción dos que xestionan este sistema corrupto non foi atallar de raíz as causas do problema, dado que ese mesmo poder forma parte do problema. Pola contra, estamos asistindo a unha serie de propostas inútiles e contraproducentes que nin de “cosméticas” podemos cualificar. Aparentar facer algo para, en realidade, deixar todo como está e a corrupción campando as súas anchas.

As declaracións de bens, voluntarias e sen ningún control externo, de todos os cargos públicos resulta un insulto á intelixencia dos cidadáns pois se algún ten algo que ocultar pode facelo sen problemas (Bárceñas non declarou as contas en Suiza).

Os que temos un compromiso coa nosa nación e coa nosa sociedade, os que neste empeño perdemos tempo, cartos, posibilidades de ascenso profesional e laboral, os que dende a militancia e o compromiso con Galiza adicamos o noso tempo e as nosas enerxías a tratar de mudar este sistema inxusto, cruel e corrupto, sentímonos especialmente molestos polo intento de “meternos a todos no mesmo saco”, tanto aos corruptos como aos que loitamos contra a corrupción e contra o sistema da que forma parte consubstancial.

Como non temos nada que ocultar ou do que avergoñarnos, e como somos partidarios da máxima transparencia efectiva, non nominal e meramente efectista, imos a aproveitar este trámite perverso para darlle un contido real. E farémolo baixo a forma de declaración xurada, aceptando todas as consecuencias de tal forma así como darlle a consideración de documento público a todos os efectos.

DECLARACIÓN XURADA DOCUMENTO PÚBLICO

a/ Sobre a conduta como cargo público

Nunca recibín sobres ou sobresoldos opacos.

Non teño contas en Suiza nin en ningún outro país nin paraíso fiscal.

Nunca fun de vacacións, cacerías, cruceiros ou similares a conta de fondos públicos nin de empresas ou outros axentes con intereses no sector público.

Non teño ningunha propiedade oculta, con terceiros interpostos nin outras trampas.

Nunca organizei festas ou outros eventos pagados por empresas ou outros axentes vinculados co sector público.

Nunca tiveron clases de golf ou de calquera outro tipo pagadas polo erario público ou empresas ou outros axentes con intereses no sector público.

Nunca aceptei regalos de valor nin ningún tipo de prebenda relacionados coa miña actividade pública. Nunca fixen obras ou instalacións no meu domicilio ou nas miñas propiedades financiadas pola administración ou por empresas relacionadas.

Negociei, discutín e, incluso, pelexei coas empresas e outros privados para acadar as mellores condicións e o maior aforro para a administración pública, con episodios soados nos medios de comunicación e demandas xudiciais das empresas, que, ate agora, case sempre perderon.

A pesares de ter vinculacións familiares na Illa de Arousa, nunca tratei con narcotraficantes nin fun de viaxe con eles, nin a festas pagadas por eles.

Nunca tiveron ingresos fora dos correspondentes polo traballo como profesor no ensino público e/ou como cargo público.

Dende o ano 1979 teño sempre coches de segunda man para minorar os gastos. Obviamente, nunca me regalaram coches, barcos nin outro tipo de vehículos.

b/ Sobre historia laboral e patrimonio

Son profesor funcionario dende 1976; case 37 anos de profesor de secundaria, en activo ou en servizos especiais.

Nunca me quedei con un euro nin con unha peseta das que me correspondían por asistencias ou compensacións da actividade como cargo público mais alá do meu salario como funcionario. Ao contrario, por cotizacións, doazóns, aportacións e outros gastos, unha parte significativa dos meu salario aporteino para a organización política que represento e que me propuxo para os cargos públicos.

Salario

O meu salario neto (datos 2012), unha vez descontados impostos, cotizacións, aportacións e doazóns foron 29.500 € no ano.

[César Mosquera inclúe aquí o valor dos seus bens. Consideramos que eses datos non teñen valor informativo de ningún tipo, senón que pertencen ao ámbito privado do noso compañeiro, polo que obviámos a súa publicación. Nota da redacción]

Garantía de valor de mercado.

Comprométome a vender todo o meu patrimonio polo valor que aparece neste documento, sempre que a oferta sexa dentro do prazo de dous meses a partires desta data.

En Pontevedra, a 3 de Maio de 2013



EN MARCHA UNHA CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE SINATURAS

Impidamos a prórroga de ENCE en Lourizán

A APDR vén de lanzar unha campaña de recollida de sinaturas para impedir a prórroga de Ence en Lourizán, que tamén se pode efectuar a través da rede no seguinte enderezo:

<http://www.change.org/es/peticiones/xunta-da-galiza-impidamos-a-prorroga-de-ence-en-lourizan>

O PP vén de aprobar no Congreso a modificación da Lei de Costas que, entre outras cousas, contempla a prórroga das concesións en terreos de dominio público por 75 anos máis; e aínda que para certas empresas (entre elas as do sector da pasta de papel) esta prórroga queda a expensas dun informe favorábel do goberno autonómico, o goberno central resérvase o dereito a non considerar o informe autonómico argumentando o interese xeral.

Unha prórroga de 75 anos a ENCE impediría definitivamente a recuperación da Ría, das nosas praias, da calidade de vida e da economía da comarca, que ten que vir da man da explotación racional dos recursos naturais e do turismo, unha economía sustentábel no tempo e incompatíbel coa presenza do complexo ENCE-ELNOSA na Ría. Por iso temos que impedir, por todos os medios, esta prórroga.

Somos conscientes de que o PP de Galicia defende os intereses da empresa ENCE, e abandonas as probas da conivencia existente entre Xunta e complexo industrial. En calquera caso, o goberno galego ten insistido en numerosas ocasións na súa vontade de impedir –con ou sen modificación da Lei– a permanencia de ENCE en Lourizán máis alá do 2018. E nós temos que obrigarlle a cumprir as súas promesas; temos que obrigarlle a defender o interese social fronte ao interese particular dunha empresa que foi condenada por delito ecolóxico continuado, que sigue incumprindo a lexislación ambiental e que leva 50 anos destruindo o medio ambiente, os recursos naturais, a calidade de vida e a economía da comarca.

Temos que obrigar á Xunta de Galicia a esixir ao goberno central o respecto pola poboación da comarca que, maioritariamente, ten reiterado o seu desexo de que ENCE e ELNOSA abandonen a Ría antes do 2018.

Non existe neste caso ningún interese xeral que poida xustificar o veto do goberno central, que suporía afondar máis no que sen dúbida é xa un caso grave de CORRUPCIÓN AMBIENTAL EN PONTEVEDRA!



Melloras nos xardíns da cidade

O Departamento de Parques e Xardíns que dirixe Anxos Riveiro está a acometer nestes días a mellora das xardineiras da avenida de Montero Ríos, situadas no noiro da Alameda para que a súa composición sexa acorde cun espazo de especial interese histórico e paisaxístico como é a Alameda e todos os xardíns das Palmeiras, que reciben, ademais, unha grande afluencia de público.

O departamento seguiu varios criterios á hora de axardinar estes espazos: colocación de plantas perennes con certa resistencia ao sol dado que se trata dun espazo exposto; con variedade cromática, buscando especialmente, encher de cor este ámbito durante a primavera, verán e parte do outono; e escollendo especies que supoñan un tratamento menos custoso que o actual.

Os traballos comezaron pola limpeza de cada un dos parterres retirando elementos de formigón instalados neles e que dificultaban o crecemento dalgunhas das plantas, tanto as anteriores como as novas que se van plantando. A segunda parte do traballo complétase coa propia plantación.

Parques e Xardíns escolleu plantas perennes de floración duradeira, facendo unha composición de cores e especies. Estanse a plantar azaleas en cores fucsia e branco; margariteiros amarelos (euryops); e echium fastuosum que ten unha floración en forma de espiga de cor azul. Enmarcadas todas elas nun contorno de buxos (teucrium) de cores verdes e grises.

As especies escollidas permiten dar máis colorido a esta zona, levando a calidade paisaxística dos Xardíns de Vicenti até a Alameda, integrándoo de xeito máis acorde nese ámbito catalogado. Tamén terán unha floración bastante prolongada, e ao tratarse de plantas perennes o seu mantemento é relativamente baixo, fronte ás especies de temporada e ao céspede que había até agora.

Pontevedra ponente no congreso de mobilidade máis importante do mundo

O Concello de Pontevedra foi convidado a participar na XIV Conferencia Internacional Walk21 que se vai celebrar este mes de setembro en Munich.

O simple feito de participar é xa un grande recoñecemento, posto que o noso relatorio, **Pontevedra, unha cidade centrada nos peóns**, foi escollido entre os máis de 3.000 de 35 países que foron presentados á organización.

Na carta de aceptación do convite, o alcalde Miguel Fernández Lores lembraba que Pontevedra *“desenvolveu unha política centrada nas persoas, na cohesión social e na calidade de vida”*.

Tonucci gaba o modelo de Pontevedra

O prestixioso pedagogo italiano Francesco Tonucci, autor do libro “La città dei bambini” (“A cidade das crianzas”) visitou Pontevedra para impartir unha conferencia na facultade de Ciencias da Educación na que expor a súa proposta de deseño urbano centrado nas crianzas.

Na mesma xornada, Tonucci entrevistouse co alcalde, a quen lle manifestou o seu agrado coa visita á nosa cidade. El amosouse especialmente interesado polo modelo de cidade e preguntou polos datos de siniestralidade, polo centro urbano peonalizado, polas plataformas únicas, pola prioridade de mobilidade peonil e as medidas de seguranza dos peóns (pasos elevados, por exemplo), pola creación efectiva dos camiños escolares que está previsto estender a toda a cidade, o uso da bicicleta...

O pedagogo solicitoulle ao alcalde que lle remitiran toda a documentación da que dispoña o Concello sobre o modelo de cidade, os datos e as experiencias reais, xa que como confesou “eu defendo estas ideas e creo que son posibles, pero outra cousa é ver que son efectivas e reais, como aquí”.

Explicou que viña de visitar as cidades de Bogotá, Cidade de México e Lima, duns 9 millóns de persoas cada unha, na que ao seu entender, se poden aplicar modelos como os de Pontevedra barrio a barrio, distrito a distrito.

VIASRURAI2013

O Concello atende as necesidades das parroquias



Vias Rurais 2013 é o plan que pon en marcha o Concello de Pontevedra a través da Concellaría de Servizos Territorializados para mellorar o estado das vías públicas do rural durante este verán e preparalas para o vindeiro inverno.

Este plan vai traballar en arredor de 150 quilómetros de camiños, pistas, estradas e vías rurais en xeral que se poden consultar en planos individualizados de cada parroquia que están a disposición na web do Concello para garantir unha completa transparencia das actuacións.

Dado que vimos de pasar un inverno durísimo de chuvias que provocou unha degradación moi importante das vías públicas do concello (rurais e urbanas). Ademais a degradación veuse acrecentada polo feito de que as condicións metereolóxicas impediron efectuar labores de mantem-

to durante un inverno, é dicer, non houbo oportunidade de facer bacheos nen obras de sostemento.

Por outra parte hai que ter en conta que a práctica totalidade das vías do rural son de plataforma única, isto é, nelas non hai separación entre o espazo que ocupan os peóns e o dos vehículos motorizados, tal e como acontece nas rúas do centro de Pontevedra, o que fai imprescindible atender á segurancia viaria.

Tamén é moi importante o feito de que o noso Concello conta con case 1000 quilómetros de vías públicas municipais, o que obriga a adoptar criterios de eficacia, eficiencia e operatividade á hora de atenderlas.

A partir da segunda quincena de xuño en cada un dos aproximadamente 150 km de viario municipal van abordarse os seguintes traballos:

- Desbroce das marxes da vía (incluíndo a recollida dos restos)
- Limpeza das cunetas construídas onde as houber.
- Reparación do firme
- Cambio, reposición ou dotación de sinalización, con especial atención á limitación a 30km/h
- Pintado da vía, se cumprir.

Cómpre destacar, por fin, o grandísimo esforzo de coordinación de diversos servizos municipais que supón un plan deste tipo.

Criterios utilizados para o deseño de Vías Rurais 2013

- **Crear unha rede viaria en boas condicións que comunique os lugares de cada parroquia.**
- **Garantir a segurancia viaria**
- **Reparar o estragado no inverno.**
- **Preparar a rede viaria para o inverno 2013-2014**

O BNG vota en contra dunha Lei de Costas allea a Galiza e que abre as portas á permanencia de ENCE



O goberno de Madrid vén de facer aprobar a Lei de Costas no seu Parlamento. O BNG votou en contra desta lei porque non atende de ningún xeito ás necesidades de Galiza: non soluciona os problemas dos núcleos da costa e convírtese nunha vía para a permanencia de ENCE na Ría de Pontevedra.

O Bloque presentou emendas ao texto aprobado para que se atendese ás singularidades galegas, mais o PP negouse de plano desde o comezo da tramitación a aplicar criterio ningún que non fose o de tratar toda a costa como a costa mediterránea. Xa que logo, o xeito tradicional galego de construírmos as nosas vilas, non aparece recollido na lexislación. Pénsese que, a diferenza do que acontece en España, as vilas mariñeiras galegas (A Guarda, Vigo, Cangas, Marín, Pontevedra, Noia, A Coruña, Ortigueira, Viveiro, etc.) están ubicadas na beira do mar.

As deputadas galegas puxeron tamén de manifesto o duplo discurso do PP, que aprobou unha proposición en Santiago e logo, como tantas veces, os seus deputados “galegos” votaron contra ela en Madrid.

Asemade, as nosas compañeiras Davila e Pérez fixeron fincapé en que esta Lei de Costas vai permitir a permanencia de ENCE na Ría de Pontevedra e de outras empresas altamente contaminantes nas ubicacións que lles proporcionou o franquismo.

Proposta do Parlamento Galego

Doutra banda, as nosas deputadas votaron en contra da Proposición de Lei que enviou o Parlamento de Galiza apoiada só polos deputados e deputadas do PP. O goberno galego acata fielmente as ordes que veñen de Madrid e, na proposta que se enviou alá, non reclaman nen as competencias que Galiza precisa para darnos solución acaídas á nosa ordenación do territorio nen as necesarias para recuperarmos a costa de empresas altamente contaminantes como ENCE.

Esta actuación coordinada dos parlamentares do PP en Santiago e Madrid é coherente coas declaracións de Rafael Louzán en rolda de prensa conxunta co presidente de ENCE nas que reclama a permanencia de ENCE na nosa ría.

Pola súa banda, o Alcalde de Pontevedra indicou que estas declaracións “non nos sorprenden”, e afirmou que “se alguén tiña algunha dúbida de que o PP está porque Ence fiquen en Lourizán, acaban de quitar a carauta

300 cativos coñecerán no Salgueiral a vida no rural galego

O Concello de Pontevedra e a Comunidades de Montes do Salgueiral, na parroquia de Bora, pon en marcha a terceira edición das visitas guiadas lúdico-educativas sobre o rural para escolares, que como novidade terá como especiais protagonistas aos veciños do Salgueiral que abrirán as súas casas para amosar o lagar, hórreo, alpendre, cortes, forno...

Segundo explicaron o concelleiro Miguel Filgueira e o presidente da Comunidade de Montes, José Bravo o obxectivo é pór en valor entre os propios veciños, e tamén no resto do concello, o esforzo de recuperación do patrimonio histórico e natural do Almofrei.

Este proxecto farase con 300 cativos de 2º, 3º e 4º de Primaria durante varias mañás (de 10.00 a 13.30 horas) seguindo as pistas dun xogo que os achegará a vida cotiá do campo: sacar os animais a pacer as leiras, coñecer os cereais, coñecer as partes dunha casa tradicional galega, a moída do gran...

Nestas visitas participarán directamente os veciños do lugar. A señora Laura amosará o seu corral con todos os aperos típicos; o señor Basilio falará do millo de como se debuilla, moe...; o señor Evangelino explicará o mundo do gando nas casas galegas.



De 09:45 a 10:00. Recepción e entrega de material.

De 10:00 a 11:30. As mulleres e a tecnoloxía: unha historia chea de estereotipos. Luz Castro Pena, Profesora da Facultade de Comunicación Audiovisual da Universidade da Coruña.

Tratamento da situación das mulleres no contexto dos videoxogos e desde unha perspectiva histórica a súa relación coa tecnoloxía informática. Constatación de como se reproducen os estereotipos e desde a experiencia persoal aportación de propostas para unha coeducación efectiva a través dos videoxogos.

De 11:30 a 13:00. Estereotipos e roles sexistas nos videoxogos máis demandados pola adolescencia galega. Ana Méndez-Irigoien Sánchez, Licenciada en Socioloxía e técnica de igualdade no Observatorio da Mariña pola Igualdade e Ira Calvo Miguélez, Licenciada en Psicoloxía.

Actualmente os videoxogos forman parte da vida diaria de cativas/os e maiores, ocupando gran parte do tempo libre e de ocio e presentándose como símbolo da modernidade. Sen embargo, segue existindo un consumo diferencial por sexo, ademais dunha violencia simbólica transmitida a través das súas narrativas e personaxes, aspectos ambos nos que se pretende afondar nesta ponencia.

De 13:00 a 14:00. Presentación do “Trivial feminista”. Teresa González Piñeiroa e Inés García Seijo, Profesoras do IES da Mariña; Ana Méndez-Irigoien.

Un xogo coeducativo realizado polo Observatorio da Mariña pola Igualdade en colaboración co IES da Mariña.

De 16:00 a 17:30. Biblioteca escolar e xénero. M^a Olga Rodríguez Díaz, Profesora do CEIP Milladoiro de Malpica, Especialista en Biblio-

tecas Escolares, responsable da Biblioteca do centro.

Como outros temas básicos en educación, o xénero pode ser abordado desde as currículas, e polo tanto desde a biblioteca escolar como tema puntual ou transversal.

Neste caso procúrase facer un tratamento transversal das diferentes propostas que achegamos á comunidade educativa á luz da perspectiva de xénero, vista tamén como unha vertente máis de compensación das desigualdades sociais de partida.

De 17:30 a 19:00. Os feminismos, unha ferramenta para cambiar o mundo. María Reimón-dez Meilán, Escritora, tradutora e intérprete; fundadora de “Implicadas/os no desenvolvemento”.

Malia seren os feminismos a teoría e praxe que máis cambios conseguiu para a mellora das condicións de vida da humanidade, son relativamente poucas as persoas que se identifican como feministas. A que se debe este fenómeno?. Que son os feminismos e por que falamos deles necesariamente en plural?

De 19:00 a 20:00 MALOS HÁBITOS. Comedia a cargo das actrices Camila Bossa e Iolanda Muíños (nominadas aos Premios María Casares). Dirección Jose L. Prieto.

Comedia na que dúas mulleres, dúas monxas de clausura saíron do convento para contar como cambiaron as súas vidas dende que a “Forza do Señor” penetrou nelas.

Participemos desta experiencia relixiosa e lembremos o que elas din: “Nós estamos pechadas alí dentro pero non esquezades que vós tamén estades pechadas aquí fora.. pensade.., pensade niso... E non vos preocupedes, rezaremos por vós”

Ás 20:00. Clausura.

Matriculación: Gratuíta

Inscripción: www.as-pg.com , www.cig-ensino.com (no apartado de Formación)

Homologación: Está solicitada a homologación á Consellería de Educación por 8h lectivas. Para a obtención do certificado será necesario acreditar a asistencia de, cando menos, o 85% da totalidade da actividade.

Lugar: Casino Mercantil (Pontevedra)

DOMINGO 12 DE MAIO 19 H.

TEATRO PRINCIPAL

SON DE CONTOS

Un xénero novo no que os asistentes poderán gozar de 3 contos inéditos, escritos para a ocasión por Fina Casalderrey, Manuel Lourenzo e Xoan Babarro e Ana María Fernández conxuntamente. A música corre a cargo dos músicos Julius Andrejevas, Fernando Ruibal e Carlos Cambeiro, que crearon pequenas pezas para acompañar os relatos, narrados por Vicente P. Couceiro. Entrada libre até completar aforo.

DOMINGO 12 DE MAIO 19 H.

PAZO DA CULTURA

“KEEP IN TOUCH - TUBA PROJÉT” - MICHEL GODARD

O Ciclo de Butaca da Banda de Música de Pontevedra, achega deste volta o concerto titulado “Visite” no que converxerán o tubista e serpentonista francés Michel Godard e o ensemble de tubas, percusión e pianos “Keep in Touch Tuba Project”. O ensemble, dirixido por Alfonso Mollá, interpretará un programa que fusiona a música do renacemento e o jazz.

Entradas a un prezo de 3 euros o propio día do concerto na billeteira do Pazo da Cultura dúas horas antes.

DOMINGO 12 DE MAIO 19 H.

IGREXA DE CURRO-BARRO

MÚSICA NAS PARROQUIAS

concerto a cargo de Martín Fontán (saxo), Cristina García (Trompa), Nieves García (fauta) e Laura Juncal (cello). Organiza A.C. Barosa

LUNS 13 DE MAIO. 20:30 H.

CASINO MERCANTIL

CONFERENCIA DE PILAR GARCÍA NEGRO

Coa conferencia de Pilar García Negro péchase o ciclo “Rosalía e Nós” organizado pola A.C. Maio Longo

MARTES 14 DE MAIO. 20:30 H.

LOCAL SOCIAL DO BURGO

CONFERENCIA DE XESÚS PORTAS

Conferencia de Xesús Portas organizada pola A.C. do Burgo

MÉRCORES 15 DE MAIO. 19 H.

BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA

CINEMA: “FÓRA”

Proxección do filme de 2012 dirixido por Pablo Cayuela e Xan Gómez. Organiza: cineclubes Pontevedra e concellaría de Normalización Lingüística.

XOVES 16 DE MAIO.

LOCAL SOCIAL DO BURGO. 20:30 H.

TEATRO LIDO E RECITAL POÉTICO

organizado pola A.C. do Burgo

PRAZA DA PEREGRINA. DE 17:30 A 21:30 H.

GÚSTAME O GALEGO!

Fotomatón con frases sobre a nosa lingua

Xornada informativa sobre

Camiño Escolar



O Camiño Escolar esténdese a toda a cidade o vindeiro curso, polo que será máis doado que nenos e nenas vaian camiñando sós ao cole

Coa participación de:

Jeanne Picard, de Stop Accidentes Galiza
 María Sintes, do Centro Estatal de Educación Ambiental (CENEAM)
 Eva Muíño, presidenta do Colexio de Psicológos de Galiza
 Carme da Silva, concelleira de Protección Cidadá
 Moderada polo Intendente Xefe da Policía Local, Daniel Macenlle



Martes, 14 de maio ás 16,30 h
Pazo da Cultura



VENRES 17 DE MAIO. 20 H.

PRAZA DE CURROS ENRÍQUEZ.

HOMENAXE POPULAR A ROBERDO VIDAL BOLAÑO

Concerto de corais e da Banda de Música de Pontevedra. Organiza: A.C. do Burgo

SÁBADO 18 DE MAIO

FESTA DA LINGUA

PRAZA DA VERDURA 19:30 H.

recital poético, libros viaxeiros e regueifas

FRONTE AO LOCAL SOCIAL EN PÉ 21:30 H.

Foliada

DOMINGO 19 DE MAIO

CASINO MERCANTIL 20 H.

TEATRO

O vendedor de paxaros, de Miro Magariños.

EXPOSICIÓN ROSALÍA SEMPRE VIVA. VIVA ROSALÍA

A exposición realizada pola *Fundación Manuel María* sobre Rosalía de Castro pode verse no Casino Mercantil até o domingo 19

NON QUEREMOS SER ESTRANXEIRAS NA PROPIA PATRIA

Queremos galego!

MANIFESTACIÓN 17 MAIO · 2013
12 da mañá, Alameda de Santiago
de Compostela



queremosgalego.org

MANIFESTACIÓN
ás 12 da mañá
desde a Praza da Ferraría

#17QueremosGalego

